

Departamento de Física-Química

ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA AXUSTALOS Á ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE AVALIACIÓN NAS ENSEÑANZAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA, AVALIACIÓN CURSO 2021-22

Debido aos cambios establecidos na orde do 25 de xaneiro do 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación no ensino da educación secundaria obrigatoria, faranse as seguintes modificacións:

Terceira avaliación:

- **A terceira avaliación** realizarase a primeiros de xuño. Para a puntuación desta avaliación valoraranse as probas escritas no terceiro trimestre e os posibles traballos, tarefas... tal como está descrito na programación para as tres avaliacións.

Avaliación ordinaria:

Para **o cálculo da nota na avaliación ordinaria** teranse en conta dúas posibilidades:

- A nota final será a media aritmética dos tres trimestres para aqueles alumnos que superen as tres avaliacións parciais.

$$\text{Nota final} = (\text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av.} + \text{nota } 2^{\text{a}} \text{ av.} + \text{nota } 3^{\text{a}} \text{ av.}) / 3$$

- Alumnos cunha ou dúas avaliacións negativas, pero con nota superior a 3,5 en cada unha delas: se ao calcular a nota final segundo o criterio establecido, o resultado fora 5 ou máis de 5, o alumno superaría a materia na proba ordinaria.
- Os alumnos que non cumpriran os criterios anteriores, para superar a materia deberán realizar tarefas de reforzo-recuperación e unha proba escrita que tratará sobre os contidos mínimos da programación. Ditas actividades serán realizadas polo alumnado no período que abrangue desde a 3ª avaliación ata a avaliación-final ordinaria e traballarán as competencias, destrezas e contidos a recuperar especificados no informe. A realización destas tarefas, en prazo,

completas e ben feitas, poderá chegar a supor, segundo criterio do docente, ata un máximo dun 20% da nota. Nos días previos a esa avaliación final, os alumnos realizarán una proba con eses contidos que foron reforzados e que terá un peso do 80% na nota final. Considerarase que o alumno supera a materia cando obteña o 50% entre a proba e as tarefas. Se a docente o considerase, a proba escrita podería ser omitida, deste xeito so se terá en conta a realización de traballos, tarefas... que terán un peso do 100% na puntuación final.

- Os alumnos que tiveran superada a materia, realizarán tarefas de ampliación e reforzo dos contidos incluídos na programación didáctica do curso, co que poderán elevar a puntuación obtida ca media das avaliacións nun máximo de 1 punto.

Xanceda, 11 de maio do 2022.

Asdo.

A xefa de departamento de Física-Química

M^a Vicenta Sieira Rivas